

Limpeza integral do municipio

O Concello de Boqueixón vén de rematar unha campaña de limpeza integral dos elementos públicos de todas as parroquias do municipio. Unha iniciativa acometida durante os meses de agosto e setembro e que incluíu a limpeza e desinfección dos máis de 600 colectores de recollida de residuos orgánicos, de plástico e de envases lixeiros de todo o municipio.

Así mesmo, traballadores municipais limparon as distintas marquesiñas e as súas contornas, sobre todo coa intención de que estiveran a punto para o inicio das clases escolares. Ademais, o Concello de Boqueixón tamén procedeu a limpeza doutros elementos patrimoniais das nosas aldeas, tales coma fontes e lavadoiros, o que supuxo tamén unha posta en va-



Imaxes das distintas actuacións de limpeza de fontes, marquesiñas, sinais e contenedores, así como roza de estradas

lor da súa contorna, para o disfrute da veciñanza.

Finalmente, o Concello de Boqueixón acometeu a

roza da súa rede de estradas e camiños municipais. O traballo dos tractores municipais polas distintas

parroquias serviu para incrementar a seguridade viaria tanto de peóns coma de condutores.

Avanzan a bo ritmo as obras da senda peonil Lamas-Rodiño

O Concello de Boqueixón está a investir case 75.000 euros na construción dunha senda peonil entre Lamas e Rodiño. Trátase dun viario municipal especialmente transitado, tanto por peóns como por vehículos, polo que o obxectivo dos traballos é aumentar a seguridade das persoas usuarias.

Esta senda dá continuidade á xa executada en Lamas e terá máis de cincocentos metros de lonxitude, cun ancho entre os 1,8 e os 2 metros. Nestes momentos, as obras céntranse na canalización dunha tubaxe para a recollida de augas da choiva recollidas a través de quince arquetas con sumidoiro e tres pozos de rexistro.



O alcalde, Manuel Fernández Munín, comproba o desenvolvemento da obra

Os traballos, executados por Excavaciones Midón SL, inclúen a colocación de

30 balizas para o alumeado da senda, pola marxe esquerda da estrada.

Axudas a entidades sen ánimo de lucro

O Concello de Boqueixón publicará en próximas datas as bases para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro no municipio. Os orzamentos municipais destinan unha partida de 12.000 euros para financiar proxectos levados a cabo polas asociacións de Boqueixón entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021. O prazo de presentación de solicitudes comezará unha vez publicado o extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Máis información, proximamente en www.boqueixon.gal.

12.000 euros en axudas á escolarización

O Concello de Boqueixón convocará en outubro as axudas á escolarización de nenos/as do municipio nas que investirá 12.000 €. A subvención inclúe dous tipos de gasto sufragables: compra de material escolar e material informático, que contarán cunha financiación de 6.000 € cada un. Ás axudas poderán aspirar o alumnado desde Educación Infantil ata Secundaria e o prazo de solicitude comezará a contar o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. Máis información, en www.boqueixon.gal.

Clases de ioga e benestar en Ledesma

O centro sociocultural de Ledesma acollerá clases de ioga e benestar a partir deste mes de outubro. Haberá dous grupos que terán hora e media semanal de clases os venres: Iniciación I, de 17:30 a 19:00 horas; e Iniciación II, de 19:00 a 20:30 horas. A cota mensual é de 25 euros. Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Boqueixón: 981 513 115 ou cultura@boqueixon.es.

O Concello convoca axudas ás familias para gastos dos fillos/as que deben facerse no comercio de Boqueixón

O Concello de Boqueixón convoca axudas ás familias para sufragar en parte os custes derivados do nacemento e/ou acollemento ou adopción de nenos/as empadroados/as no municipio. Unha iniciativa á que o Concello destina 8.000 €. O alcalde, Manuel Fernández Munín, explica que “ademais de axudar economicamente ás familias, esta convocatoria busca apoiar ao noso comercio local, polo que o gasto terá que facerse en empresas radicadas en Boqueixón”.

Os 200€ da axuda outorgaranse, con independencia da renda familiar, por nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021. No caso de partos múltiples, aumentarase en 100€. Así mesmo, a axuda acadará os 300€ no caso dunha discapacidade do/a neno/a do 33% ou máis.

Para solicitar as axudas é preciso que a familia estea

empadroadada en Boqueixón (incluído o/a menor) no momento de presentar a solicitude e comprometerse a seguir empadroadada un mínimo de 3 anos. Así mesmo, será necesario non ter pendente de xustificar subvencións outorgadas polo Concello nin estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que establece a Lei.

Os cartos deberán ser gastados en beneficio do neno/a: cueiros, lácteos e alimentos infantís, roupa, calzado, enxoval, produtos de hixiene infantil, medicamentos ou calquera outro produto receitado polo pediatra. Uns produtos que deberán ser adquiridos en establecementos comerciais emprazados no municipio de Boqueixón.

As bases da convocatoria poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia do 30 de setembro.

Tres veciños/as de Boqueixón recibiron axudas do programa de adquisición de vivenda

A Xunta esgotará o crédito dispoñible para o programa de adquisición de vivenda nun concello de menos de 5.000 habitantes coa concesión de máis dun cento de axudas a persoas menores de 35 anos. Así o anunciou a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, na súa visita á vivenda

dunha parella de Boqueixón beneficiaria deste programa.

Ángeles Vázquez, que estivo acompañada polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, visitou a vivenda de Noelia Álvarez, veciña de Codeso, quen recibiu 10.800 euros para a compra da súa vivenda. Unhas axu-



das das que tamén beneficiaron outras dúas familias de Boqueixón menores de 35 anos.

“Queremos seguir vertebrando o rural galego, que os mozos opten por estas zonas”, di Vázquez.

Clausurado o obradoiro de emprego Boqueixón-O Pino-Touro-Vedra 2020-21

O delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, clausurou o obradoiro de emprego dual de Boqueixón-O Pino-Touro e Vedra 2020-2021, que formou a 20 persoas en repoboacións forestais e tratamentos silvícolas e en actividades auxiliares en conservación e mellora de montes. Trenor destacou que “agora estades mellor preparados para atopar un emprego”.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, agradeceu o traballo levado a cabo “tanto polo equipo de formación como polo alumnado. Desexo que estes nove meses fosen moi produtivos e sirvan para que poidades ter mellores posibilidades de atopar un posto de traballo”. Un punto no que incidiu o rexedor



O alumnado recibiu o diploma acreditativo da súa formación

de Vedra, Carlos Martínez, dicindo que “este é un dos mellores obradoiros que recordamos dos últimos anos por todo o que contribuístes a mellorar as contornas dos nosos concellos”, augurando que “vai haber unha gran demanda para este tipo de formación”.

Por último, o alcalde do Concello do Pino, Manuel Taboada, celebrou que “algúns dos presentes xa estades traballando e espero que este diploma que hoxe recibides sexa a mellor carta de presentación cando vaiades a pedir traballo a unha empresa”.

Melloras en espazos naturais e de lecer

O alumnado do obradoiro de emprego acometeu varias actuacións de mellora nos espazos naturais e de lecer de Boqueixón tales como o sendeiro que leva á ferverenza do río Pontillón ou nas rozas feitas na contorna da Escola Unitaria e Campo da Festa de Codeso.

Tamén se fixeron traballos de poda e roza no Pico Sacro e na área recreativa de Orto; así como rozas nos camiños de Noente-Ledesma, Pazos-Lestedo, Castro-Oural, Santaia-Codeso e Santaia-Vigo.



A mocidade de Boqueixón continúa medrando en competencias lingüísticas

Dous mozos de Boqueixón conseguiron o certificado oficial do nivel B2 de Oxford, tras superar o exame de competencias en inglés. Nun acto celebrado no salón de Plenos, o alcalde Manuel Fernández Munín entregoulles os diplomas acreditativos a Alejandro e Martín, quen levan dende Primaria participando nos cursos de inglés convocados polo Concello.



Dá comezo o obradoiro de emprego de garantía xuvenil “EMPRÉGATEAPP”

Os alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández, e Vedra, Carlos Martínez, e a concelleira de Desenvolvemento Local de Teo, María López, asistiron ao comezo do obradoiro de emprego de garantía xuvenil “EMPRÉGATEAPP”, que empregará e formará a 16 alumnos/as traballadores/as durante 12 meses, tres deles de Boqueixón. O seu obxectivo é crear aplicacións para dispositivos móbiles, orientadas tanto á promoción turística da contorna como á información e comunicación.

A Igrexa reconece a ruta xacobeá

Camiño Miñoto Ribeiro

O auditorio Espaço Vita de Braga acolleu hai uns días un acto histórico: a sinatura do recoñecemento da ruta xacobeá Camiño Miñoto Ribeiro por parte da Igrexa. Un impulso moi importante para esta ruta, da que forma parte Boqueixón, sobre todo de cara a este ano dobre Xacobeo. Tanto o arcebispo de Santiago, Julián Barrio, como o de Braga, Jorge Ortega, valoraron o traballo de investigación do historiador Castor Pérez, quen dedicou 23 anos a documentar a existencia desta histórica ruta xacobeá.

Un camiño que ten 3 entradas dende Portugal a Galicia e que en Boqueixón en-



O alcalde de Boqueixón asistiu ao histórico recoñecemento por parte da Igrexa

tra por Lestedo e continúa paralelo á N-525, pasando por Cachosenande, Rubial, Troitamil e A Susana.

Ao acto asistiu o presidente da Asociación, Ave-lino Luís de Francisco; e

o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, quen estiveron acompañados polos alcaldes de Vedra, Ribadavia, Castrelo de Miño, Arnoia, Cortegada, Pontedevea e Entrimo.

O Camiño de Inverno retoma as súas actividades

O Camiño de Inverno, no que participa Boqueixón, retomou o pasado mes de setembro as súas actividades promocionais celebrando a primeira das cinco marchas comarcais programadas ao longo de todo o seu percorrido. A primeira marcha foi no Bierzo e a segunda terá lugar o 2 de outubro en Valdeorras. Máis información: www.caminojacobeodeinverno.org.



Nova edición do Programa de Voluntariado Xuvenil "Val do Ulla 2021"

Boqueixón e Vedra poñen en marcha unha nova edición do Programa de Voluntariado Xuvenil "Val do Ulla 2021" que busca promover a cultura solidaria e a participación activa da mocidade (de 16 a 30 anos) na acción voluntaria e fomentar neles valores como a solidariedade ou o civismo. Entre outras actividades, o programa inclúe atención a peregrinos, accións ambientais, actuacións de recuperación da cultura e tradicións, accións de animación e desenvolvemento comunitario na familia e para a mocidade e accións con persoas en situación de risco (crianzas e maiores).



Comezan as Tardes de Lecer, que dan a opción para conciliar días soltos

Nestes días veñen de arrancar as Tardes educativas e de lecer do curso 2021-2022, un programa de conciliación organizado polo Concello de Boqueixón. Unha vez rematado o proceso de inscrición, quedan prazas vacantes que poden ser cubertas por novas solicitudes ou por inscricións por días soltos ou semanas. As persoas interesadas en facer uso deste servizo de conciliación deberán cubrir a ficha de inscrición (na web municipal) e achegar a documentación correspondente.



Éxito de “Un mes e Pico”, actividades seguras e cunha gran participación

O alcalde, Manuel Fernández Munín, e o historiador e arqueólogo Martín Almagro-Gorbea, clausuraron o ciclo “Un mes e Pico”, que co apoio da Xunta e o Xacobeo incluíu 3 conferencias, 2 exposicións itinerantes, 5 visitas teatralizadas, un roteiro literario e unha ruta arqueolóxica, todas co Pico Sacro como protagonista. “Estamos moi satisfeitos de como se desenvolveron as actividades. Nos gustaría poder ter un maior aforo, pero a situación é a que todos coñecemos e tivemos que adaptarnos”, salientou Fernández Munín. Pese a todo, preto de 500 persoas tomaron parte do ciclo.



Preto de cincocentas persoas participaron nalguna das doce actividades programadas no ciclo “Un mes e Pico”

Abertas inscricións no Curso de Debuxo e Pintura para crianzas e persoas adultas

O Concello de Boqueixón organiza un Curso de Debuxo e Pintura na biblioteca municipal do Forte. O primeiro grupo está dirixido á rapazada a partir de 8 anos, con clases os mércores, de 15:30 a 17:30 h. O segundo, para persoas adultas, está pendente de concretar o horario. Prezo: 15 euros/mes (non inclúe material). Inscricións no Dpto de Cultura ou 981 513 115.



Monicreques para dinamizar a lingua

A Casa da Cultura de Camporrapado acolleu “Un rei e outros animais”, un divertido espectáculo familiar do músico e manipulador de monicreques Carlos Quintá Cagide. Medio cento de veciños e veciñas desfrutaron con pezas e historias da tradición galega interpretadas por animais. Unha iniciativa de FalaRedes, programa da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta.

O Concello retoma o reparto de composteiros

O Concello de Boqueixón procederá, durante este mes de outubro, a repartir dos composteiros solicitados polos veciños e veciñas do municipio. Uns contedores que servirán para fomentar a reciclaxe e minoración de residuos, ao tempo que obteñen un compost de calidade para empregar na horta. As persoas interesadas en conseguir o seu composteiro de balde só teñen que solicitalo en compostaxe@boqueixon.com.

ESCOLAS DEPORTIVAS 2021-22

PERSOAS ADULTAS (+15 anos)

Prazas limitadas segundo as medidas actuais e limitacións correspondientes

Inscripcións

• As inscricións realizaranse descargando a ficha da web www.boqueixon.com (actividades físicas e deportivas 2021-2022) e enviándoa a deportes@boqueixon.com ou de forma presencial no Departamento de Deportes.

• Hai grupos que xa están completos pero, se hai persoas interesadas, poden inscribirse na lista de agarda. No caso de haber xente suficiente en lista de agarda, abriríanse novos grupos.

• Prazas limitadas, con preferencia de empadroados/as.

• Poderán participar menores a partir dos 16 anos (con autorización).

Duración

• Do 4 outubro 2021 a xuño 2022. Nas actividades infantís, os días serán segundo o calendario escolar.

• O calendario será de luns a venres, agás festivos.

Pagamento

• Realizarase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria.

• Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

• Pilates, zumbas, bailoterapia, ximnasia maiores son actividades incluídas na cota do ximnasio do Forte.

Baixas

• Deberán presentarse por sede electrónica ou no Rexistro antes do día 20 do mes anterior.

ACTIVIDADE	LUGAR	HORARIO	CUSTO
Pilates Mat Escola Espalda	Ximnasio municipal	Martes e xoves ás 19.15 h	15 €/mes
Pilates Mat Avanzado I	Ximnasio municipal	Luns e mércores ás 20.30 h	15 €/mes
Pilates Mat Avanzado II	Ximnasio municipal	Martes e xoves 21.00 h	15 €/mes
Pilates Mat Ponteledesma I	Ponteledesma	Martes e xoves ás 17.00 h	15 €/mes
Pilates Mat Ponteledesma II	Ponteledesma	Martes e xoves ás 18.00 h	15 €/mes
Pilates Mat Lestedo I	Lestedo COMPLETO	Martes e xoves ás 20.15 h	15 €/mes
Pilates Mat Lestedo II	Lestedo COMPLETO	Martes e xoves ás 20.15 h	15 €/mes
Zumba I	Ximnasio municipal COMPLETO	Luns e mércores ás 20.15 horas	15 €/mes
Zumba II	Ximnasio municipal	Martes e venres ás 20.15 horas	15 €/mes
Zumba III	Camporrapado	Luns e mércores ás 19.00 horas	15 €/mes
Zumba IV	Lestedo	Luns e mércores ás 21.30 horas	15 €/mes
Ximnasia +65 anos	Ximnasio municipal COMPLETO	Luns e mércores ás 17.00 horas	15 €/mes
Bailoterapia +65 anos	Ximnasio municipal COMPLETO	Martes e venres ás 19.15 h	15 €/mes

Máis información: Dpto. de Deportes: 636 731 721 deportes@boqueixon.com

INFANTÍS

ACTIVIDADE	LUGAR	HORARIO	CUSTO
Patinaxe I	Pavillón de Lestedo	Venres ás 16.00 h	10 €/mes
Patinaxe I	Pavillón de Lestedo	Venres ás 17.00 h	10 €/mes
Ximnasia Rítmica I	Pavillón do Forte Infantil, 1º 2º Primaria	Luns e xoves 15.30 - 16.30 h	15 €/mes
Ximnasia Rítmica II	Pavillón do Forte 3º-6º Primaria	Luns e xoves 15.30 - 16.30 h	15 €/mes

Boqueixón promove os seus encantos na Semana Verde

O Concello de Boqueixón participou un ano máis na Feira Internacional Semana Verde de Galicia, celebrada a principios de setembro e que congregou a máis de 57.000 persoas.

As cifras desta edición número 43 están lonxe dos 128.000 visitantes rexistrados antes da pandemia, pero amosan que a sociedade vai volvendo pouco a pouco á normalidade e eventos coma este contribúen á reactivación económica dun xeito totalmente seguro.

Promoción de Boqueixón

O Concello de Boqueixón participou no pavillón 1 cun posto onde promoveu e puxo en valor os recursos culturais, turísticos, naturais e históricos do noso municipio, así como as no-



Posto do Concello de Boqueixón na Semana Verde de Galicia

sas festas declaradas de interese turístico de Galicia. De feito, as nosas festas tradicionais e a nosa rica gastronomía foron dous dos puntos que máis interese despertaron entre os visitantes.

Porén, o Pico Sacro e a

súa lenda continúan sendo os maiores puntos de atracción ao municipio, que nesta edición da Semana Verde de Galicia se viron incrementados ao coincidiren co desenvolvemento da programación cultural do ciclo "Un mes e Pico".

Horario de inverno na biblioteca municipal

A Biblioteca Municipal de Boqueixón retomou a súa actividade habitual despois das vacacións de verán e a actividade da bibliopiscina. O seu horario de apertura será de luns a venres, de 9:00 a 13:00 horas; e luns e mércores, de 15:30 a 18:00 horas.

Martes de Entroido e Ascensión serán festivos no 2022

Martes de Entroido (1 de marzo) e a Ascensión (26 de maio) serán novamente os festivos locais en Boqueixón, de acordo coa selección realizada polo Grupo de Goberno municipal.



Unha contorna para desconectar: nace o hotel Donas e Cabaleiros

"Unha contorna inigualable para desconectar e desfrutar dos sentidos". Así se presenta en sociedade o Hotel Donas e Cabaleiros, un novo negocio de turismo rural que nace en Boqueixón, concretamente no lugar de Donas. Rodeado de viñedos e a carón do río Ulla, ofrece apartamentos totalmente equipados con servizo de lavandería, cafetería, terrazas, pista deportiva, jacuzzi e recepción. Máis información en www.hoteldonasecabaleiros.com.



As empresas de Boqueixón apostan por un turismo de calidade e excelencia

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, acompañou a tres emprendedoras do municipio que recibiron a certificación Sicted de calidade turística, que concede a Secretaría de Estado de Turismo en colaboración coa FEMP. Trátase de Marta Fernández, de O Balado; Patricia Calvelo, de Casa de Casal; e Nieves Millán, de Enoturismo María Manuela. Uns diplomas entregados pola presidenta do GDR Terras de Compostela, Guariña Rey; e a directora de Turismo Galicia, Nava Castro.

Novas actividades e horarios no ximnasio do Forte

O ximnasio municipal do Forte estrea horario, de 16:00 a 22:30 h, e actividades a partir do 4 de outubro. A cota é de 12 €/mes e inclúe: GAP (adestramento de abdominais, glúteos e perna. 30 min.), *Circuit Training* (adestramento de alta intensidade para todo o corpo. 40 min.) e programación de adestramentos co material do ximnasio. Máis info: 636 73 17 21 ou deportes@boqueixon.com.

Homenaxe a Protección Civil polo seu traballo na pandemia

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Boqueixón vén de recibir unha máis que merecida homenaxe polo seu inestimable traballo nos días máis duros da pandemia da Covid-19 e do confinamento. Un acto para agradecer o valor, a solidariedade, o esforzo e o traballo do voluntariado de Protección Civil.

Con máis de 25 anos de historia, a de Boqueixón foi a primeira agrupación creada na comarca e conta con 20 voluntarios/as.



O alcalde de Boqueixón acompañou aos representantes de Protección Civil

AXENDA DO MES DE OUTUBRO

Domingo 3

Odaiko Percusión: *Vaia ritmo!*

Carballeira do Campo da Feira de Lestedo
12.45 horas. De balde.
Público familiar. Reserva entrada no Departamento de Cultura.
En caso de choiva, trasladarase ao pavillón de Lestedo.

Xoves 21

Charla: *A nova tarifa eléctrica*

Casa da Cultura de Camporrapado
18.30 horas. De balde.
O Instituto Galego de Consumo imparte unha charla sobre os profundos cambios na factura eléctrica. Inscripcións: 981 513 115 ou cultura@boqueixon.com.

Venres 22

Contacontos: *"A pequena fábula dos corazóns de papel reciclado"*, Anxo Moure

Biblioteca Municipal
16.00 horas. De balde
Comemoración do Día da Biblioteca. Inscripcións: 981 513 115 ou cultura@boqueixon.com.
Programa Ler conta moito.

Venres 29

Tramitación do DNI

Casa do Concello.
De 9.00 - 12.00 horas
Cita previa no dpto Cultura:
981 513 061 ou cultura@boqueixon.com

Sábado 30

Presentación do libro *"Trobar do ar"*, de Xosé Manuel Lobato

Casa da Cultura de Camporrapado
18.00 horas. De balde.
Presentación do Día do Lector (que se conmemorará o 3 de novembro, Día de Neira Vilas) e do libro de Xosé Manuel Lobato. AACC Mestre Manuel Gacio.

Domingo 7

"Unha primavera para Aldara", Teatro Airiños (Rianxo)

Domingo 14

"O rei Telesforo busca noiva", Grupo Municipal Teatro de Ribeira

Domingo 21

"Un convento moi contento", Brandomín Teatro (A Pobra)

Domingo 28

"Chola, a it girl", Artesanía Teatro

e en novembro...

BocAberta.

Ciclo de Teatro de adultos

Casa da Cultura de Camporrapado
17.30 horas. De balde
Reserva a túa entrada para calquera dos 4 espectáculos no Departamento de Cultura: cultura@boqueixon.com ou 981 513 115.
Colabora: Deputación da Coruña.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com